

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 20 de novembro de 2003 pola que se clasifica como benéfico social a Fundación Fernández Espín.*

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Fernández Espín*, con domicilio en Camariñas (A Coruña).

Supostos de feito.

1. A fundación formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A *Fundación Fernández Espín*, foi constituída en virtude de testamento outorgado pola fundadora Manuela Fernández Espín en escritura autorizada polo notario Vimianzo Rafael Benzo Mestre o día 27 de decembro de mil novecentos sesenta e tres, adaptada por escritura pública outorgada na Coruña o día vinte e catro de xullo de dous mil tres, ante o notario Francisco Manuel Ordóñez Armán, co número de protocolo dous mil trescentos once por Jesús Nieto Baneira, Ana María Campos Sánchez, María del Carmen Bugallo Romero, María Teresa Bolaño Vázquez e María del Carmen Sánchez Corral, interveñen no seu propio nome e dereito e ademais Jesús Nieto Baneira na súa condición de párroco da igrexa de San Jorge de Camariñas, María del Carmen Bugallo Romero na súa condición de presidenta da *Asociación de Veciños de Camariñas*, María Teresa Bolaño Vázquez na súa condición de directora do colexio público de Xaviña e María del Carmen Sánchez Corral na súa condición de responsable do colexio público de infantil e primaria O Areal.

3. O obxecto da fundación, segundo establece o artigo 6 dos estatutos, é facilitarlles ós xubilados, anciáns, e desvalidos un lugar de recreo e, se é o caso, residencia, para o seu benestar e o da comunidade á que pertencen, remediando na medida do posible as necesidades da xente de idade, así como facilitarlle á infancia ensinanzas complementarias ás recibidas nas escolas ordinarias.

4. O padroado da fundación estará integrado segundo se estableceu na orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, do 12 de xuño de 2003, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 24 de xuño, e incorporada á escritura de constitución da fundación.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de tódalas consellerías eleva ó conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, proposta de clasificación como benéfico social da *Fundación Fernández Espín*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos esixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de inte-

rese galego, procede a súa clasificación como benéfico social e a súa adscrición á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Fundamentos de dereito.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, corresponde a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, quen exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día 18 de novembro de 2003.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 7/1983, do 22 de xuño e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da anterior, de réxime das fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

**DISPOÑO:**

Clasificar como benéfico social a *Fundación Fernández Espín* adscribíndoa á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2003.

Jaime Pita Varela  
Conselleiro da Presidencia, Relacións  
Institucionais e Administración Pública

#### CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

*Orde do 21 de novembro de 2003 pola que se procede á convocatoria para o ano 2004 de axudas encamiñadas ó uso racional da enerxía e ó fomento das enerxías renovables dirixidas a empresas privadas, asociacións ou agrupacións de empresas sen ánimo de lucro e a persoas físicas, en réxime de concorrencia competitiva, de acordo coas bases reguladoras establecidas no anexo II da Orde do 11 de marzo de 2002, publicadas no Diario Oficial de Galicia número 55, do 18 de marzo.*

Un dos obxectivos da Consellería de Innovación, Industria e Comercio no campo da política enerxética é conseguir unha explotación e xestión máis racional dos recursos enerxéticos, lograr uns índices de calidade das subministracións enerxéticas axeitados,

non só reducindo o consumo, senón tamén mellorando a eficiencia enerxética.

Tanto a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, como a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, prevén que as distintas administracións, no ámbito das súas respectivas competencias territoriais, poderán instrumentar programas de actuación e adoptar medidas que incentiven a mellora do servizo ós usuarios, así como a eficiencia e o aforro enerxético.

Como medio e instrumento para favorecer as actuacións indicadas, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio considerou necesario establecer un programa de axudas encamiñadas á mellora da infraestrutura enerxética de Galicia.

Este programa estrutúrase en varias liñas de axuda que se recollen no anexo II da Orde do 11 de marzo de 2002, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións en materia de industria, enerxía, minería, tecnoloxía e desenvolvemento sectorial, comercio e consumo.

Estas axudas axustaranse ó disposto no Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa virtude, en uso das atribucións que me foron conferidas,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto da presente orde é proceder á convocatoria para empresas privadas, asociacións ou agrupacións de empresas sen ánimo de lucro e persoas físicas, das axudas e subvencións do programa de axudas encamiñadas á mellora da infraestrutura enerxética de Galicia, recollido no anexo II da Orde do 11 de marzo de 2002, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións en materia de industria, enerxía, minería, tecnoloxía e desenvolvemento sectorial, comercio e consumo.

Tal e como establece o artigo 3.2º da antedita orde, o obxecto, requisitos dos beneficiarios e criterios obxectivos de adxudicación son os establecidos para cada programa de incentivo no anexo. No non previsto nela observárase o que se estableza nos seguintes artigos.

Artigo 2º.-Créditos orzamentarios e contía máxima das axudas.

1. Estas axudas outorgaranse con cargo ós créditos previstos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2004, destinándose para o seu financiamento ata un máximo de 1.904.338 euros para a anualidade 2004, que se imputan ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación	Denominación	Importe ano 2004 (€)
A) Uso racional da enerxía.		
08.02.631-A.770.0	Empresas privadas; uso racional da enerxía nas industrias.	54.000
B) Fomento das enerxías renovables.		
B.1) Plan de fomento da enerxía solar.		
08.02.631-A.773.1	Empresas privadas. Plan de fomento enerxía solar.	867.213
08.02.631-A.780.1	Familias e institucións sen ánimo de lucro. Plan de fomento enerxía solar.	495.088
B.2) Resto das enerxías renovables.		
08.02.631-A.773.0	Empresas privadas fomento das enerxías renovables.	388.037
08.02.631-A.780.0	Familias e institucións sen ánimo de lucro, fomento das enerxías renovables.	100.000
Total		1.904.338

O gasto que se proxecta tramítase como expediente anticipado e está condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos do exercicio para 2003, de acordo co disposto no artigo 3.3º *in fine* da Orde do 27 de novembro de 2000, pola que se modifica a do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto.

Esas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito.

Poderanse establecer os correspondentes compromisos plurianuais dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente.

2. As contías máximas das axudas para cada tipo de proxecto son as que se reflicten a continuación:

A) Proxectos de uso racional da enerxía: 40% do investimento subvencionable.

B) Fomento das enerxías renovables:

a) Solar térmica: ata 240 euros/metro cadrado de superficie de captación.

No caso de instalación de colectores de alta tecnoloxía, o límite poderá incrementarse ata os 300 euros/m<sup>2</sup> de superficie de captación para colectores planos e ata 360 euros/m<sup>2</sup> de superficie de captación para tubos de baleiro.

b) Solar fotovoltaica:

-Sistemas illados: 9 euros/Wp.

-Sistemas conectados á rede: 4 euros/Wp.

c) Outras enerxías renovables: 40% do investimento subvencionable.

d) Instalacións mixtas: proporcional a cada un dos tipos anteriores.

3. En calquera caso, a contía da subvención non poderá ser superior ó 50% do investimento subvencionable.

Artigo 3º.-Concurrencia de axudas e subvencións públicas.

As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería para o mesmo proxecto.

O importe da subvención neta equivalente ás empresas, en concurrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, non poderá supera-lo máximo de intensidade rexional, 40% sobre o investimento subvencionable establecido para cada actividade na presente orde. No caso de axudas a empresas PEME engadirase un 15% adicional ó dito límite, de acordo coa directrices sobre axudas do Estado de finalidade rexional (98/C 74/06) en relación co mapa de axudas de finalidade rexional para o período 2000-2006 en España, aprobado pola comisión/axuda de Estado número 773/1999). Os devanditos límites máximos aplicaranse tanto se a axuda provén integramente de fontes nacionais como se foi cofinanciada con fondos comunitarios (número 4.21 Directrices comunitarias sobre axudas de Estado ás pequenas e medianas empresas. DOC 213, do 23-7-1996).

Segundo o Regulamento (CE) nº 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas no seu anexo I, enténdese por mediana empresa a que cumpre os seguintes requisitos: que empregue menos de 250 persoas, cun volume de negocio que non supere os 40 millóns de euros ou cun balance xeral que non exceda dos 27 millóns de euros e que sexa independente, isto é, que o 25% ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto non pertenza a outra empresa, ou conxuntamente a outras empresas que non respondan á definición de PEME. Os citados criterios aplicaranse á empresa no seu conxunto, incluídas filiais situadas noutros Estados membros ou fóra da UE (recomendación da Comisión do 3 de abril de 1996, relativa á definición de pequenas e medianas empresas DO L 107, do 30 de abril de 1996, p4).

Enténdese por subvención neta equivalente como o beneficio último que a axuda debería proporcionar á empresa unha vez deducido o imposto sobre sociedades aboado en concepto da dita axuda.

Artigo 4º.-Investimento subvencionable.

1. Para a definición da investimento subvencionable no caso de proxectos de uso racional da enerxía e fomento das enerxías renovables promovidos por empresas, serán de aplicación as directrices comunitarias sobre

axudas estatais a favor do medio natural (2001/C 37/03-DOCE 3-2-2001), polo que segundo o punto 37, os custos subvencionables teñen que calcularse netos das vantaxes obtidas dun eventual incremento da capacidade, dos aforros de custos xerados durante os cinco primeiros anos de vida do investimento e das producións accesorias adicionais durante o mesmo período de cinco anos. No ámbito das enerxías renovables, os custos de investimento subvencionables corresponden, polo xeral, ós custos suplementarios soportados pola empresa en relación a unha instalación de xeración de enerxía tradicional da mesma capacidade en termos de xeración efectiva de enerxía.

2. En ningún caso serán subvencionables os investimentos de substitución.

3. Non se valorarán para efectos de investimentos, os gastos que se realicen en pagamento de impostos, taxas, contribucións, licencias, etc., nin calquera outro de carácter tributario, fiscal ou sometido a aranceis, e os correspondentes a investimentos realizados con fórmulas de arrendamento financeiro, agás as actuacións de fomento de enerxías renovables promovidas por familias ou institucións sen ánimo de lucro, nas que se poderá considera-lo imposto sobre o valor engadido (IVE) como subvencionable cando o beneficiario acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollido ó réxime e á exención do IVE.

Artigo 5º.-Solicitudes, prazo de presentación e documentación que se debe xuntar.

1. O prazo para a presentación das solicitudes será desde o 9 de decembro de 2003 ata o 31 de xaneiro de 2004, ámbolos dous inclusive.

2. As solicitudes, que se dirixirán ó conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, presentaranse no rexistro xeral das delegacións provinciais, no dos servizos centrais da Consellería de Innovación, Industria e Comercio ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que teñan subscrito convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O modelo de solicitude e o resto dos modelos necesarios para solicitar ou xustifica-la axuda, publícanse como anexos I e II desta orde e están tamén á disposición dos interesados no enderezo da Internet <http://www.xunta.e/conselle/in>.

A solicitude presentarase acompañada da seguinte documentación:

a) Aquela que acredite a personalidade, natureza e réxime xurídico do solicitante, tendo en conta que:

D) Se é unha fundación, asociación ou entidade sen ánimo de lucro deberá achega-la escritura pública de constitución e os estatutos debidamente inscritos no rexistro correspondente, debendo quedar acreditada se fose o caso a súa condición de entidade sen ánimo de lucro.

II) Se é unha empresa, documentación acreditativa da súa constitución legal, inscrición no correspondente rexistro, enderezo social e do seu centro de traballo en Galicia se fora o caso.

b) Documento nacional de identidade e documento público acreditativo do poder con que actúa quen representa á empresa ou entidade solicitante se é caso.

c) Tarxeta de identificación fiscal NIF/CIF segundo proceda, e do último recibo de pagamento do imposto de actividades económicas (IAE).

d) Memoria descritiva das actuacións que se vaian realizar, na que deberá constar un epígrafe específico no que se valorará a eficiencia enerxética do proxecto e que incluíra plano de implantación da actuación a escala 1:10.000; no caso de actuacións de fomento das enerxías renovables, incluíranse esquema da instalación e bosquexo que represente a súa integración arquitectónica ou paisaxística.

e) Orzamento do investimento, separando os prezos unitarios dos principais elementos da actuación (anexo II desta orde).

d) Calendario de execución do investimento, con referencia a cada unha das actuacións que configuran o proxecto (mes inicio / mes finalización) (anexo II).

e) Declaración expresa doutras axudas solicitadas, obtidas ou que se prevé solicitar para o mesmo investimento en calquera outra Administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Declaración expresa de estar ó día no cumprimento das obrigas fiscais e coa Seguridade Social e de que non ten contraída ningunha débeda, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia (anexo II).

f) Para as empresas suxeitas ós requisitos establecidos no anexo II da xa citada Orde do 11 de marzo de 2002, que se refiren ás esixencias de contratación estable de traballadores, presentárase declaración na que se relacionen os traballadores e o seu tipo de contrato (fixo ou temporal) ou, de se-lo caso, compromiso por escrito ante a Xunta de Galicia de alcanza-las porcentaxes de estabilidade laboral sinaladas no citado anexo.

De toda a documentación presentáranse tres exemplares nos que tódolos documentos que non sexan orixinais estarán compulsados.

#### Artigo 6º.-Corrección de defectos.

Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a solicitude de subvención non reúne os requisitos esixidos nesta orde para cada caso concreto, o interesado será requirido para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do dito requirimento, rectifique a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese, será considerado desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser dictada nos termos previstos conforme o establecido no artigo 42 da citada lei.

#### Artigo 7º.-Valoración dos proxectos.

1. Revisados os expedientes e completados, se é o caso, os servizos de xestión das distintas unidades tramitadoras deberán emitir para cada solicitude de subvención, como paso previo para proceder á súa valoración, un informe relativo ó cumprimento dos requisitos que establece para as solicitudes o artigo 5º desta orde.

2. Conforme o establecido no artigo 9 do Decreto 286/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma galega, a valoración das solicitudes admitidas a trámite realizara a unha comisión, constituída para o efecto, que estará presidida polo director xeral de Industria, Enerxía e Minas ou en persoa en quen delegue, e na que participarán o subdirector xeral de Enerxía, o xefe do Servicio de Enerxías Renovables, que actuará como secretario, os delegados provinciais da Consellería de Innovación, Industria e Comercio e o director do Instituto Enerxético de Galicia ou persoas en quen estes últimos poidan delegar.

3. A mencionada comisión valorará a totalidade dos investimentos subvencionables seguindo os criterios de selección de proxectos establecidos para cada liña de axudas no anexo II da anteriormente indicada Orde do 11 de marzo de 2002, ordenando os investimentos correlativamente e en sentido decrecente ó valor asignado, segundo os seguintes puntos:

a) Mellora ambiental (70%).

a.1) Eficiencia da instalación (20%).

a.2) Eficiencia do colector (15%).

a.3) Deseño, calidade dos materiais, montaxe e garantías (15%).

a.4) Integración paisaxística (15%).

a.5) Calidade documental (5%).

b) Replicabilidade (20%).

b.1) Tipoloxía e potencial da instalación (20%).

c) Carácter innovador (10%).

c.1) I+D (2,5%).

c.2) Difusión (2,5%).

c.3) Monitorización (5%).

Á vista da dita valoración, proporá a contía das axudas correspondentes ós investimentos subvencionables ata esgota-lo crédito dispoñible, quedando en reserva o resto dos investimentos subvencionables, para que, se se producise algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, puidesen ser atendidas co crédito que quedara libre.

Á vista do informe emitido por acordo da comisión, dictáranse as correspondentes resolucións de acordo co establecido no artigo 4 da mencionada Orde do 11 de marzo de 2002.

#### Artigo 8º.-Actuacións plurianuais.

No caso de actuacións plurianuais, que excedan o exercicio 2004, poderanse establecer os correspondentes compromisos de anualidade, dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente, de conformidade co prazo de execución do investimento, aplicándose o disposto, para os efectos oportunos, no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e función pública e actuación administrativa, e pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo.

Os libramentos correspondentes a estas axudas faranse efectivos con cargo ós créditos consignados para cada exercicio orzamentario. Se a materialización ou o pagamento do investimento se anticipase ó calendario establecido na resolución de concesión e non fose posible o reaxuste das anualidades de subvención, o investimento ou pagamento adiantado poderá servir de xustificación para o libramento das anualidades posteriores sempre que se obtivese a conformidade do órgano competente para a concesión da axuda.

Nos proxectos plurianuais, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final de ano, corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, se poderán presentar como xustificantes para o cobro da dita anualidade.

#### Artigo 9º.-Presentación de proxecto de execución.

Nun prazo de 40 días hábiles a partir da notificación da axuda, o beneficiario deberá remitir á delegación provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio unha copia do proxecto de execución, cando este sexa necesario, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente e certificación da iniciación da obra; se esta fose realizada por terceiros, a documentación que acredite que a obra foi adxudicada e a acreditación do adxudicatario para realizala.

A falta de presentación desta documentación entenderase como renuncia á axuda concedida e, logo de audiencia do interesado, procederase conforme o establecido no artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

#### Artigo 10º.-Xustificación do investimento.

A data límite para executa-las actuacións que fosen obxecto de subvención e para xustificalo correspondente investimento e pagamento é o 30 de setembro do ano que corresponda, para o que o beneficiario deberá presentar, sen prexuízo do establecido no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, na respectiva delegación provincial ou nos servicios centrais da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, por triplicado, a seguinte documentación acreditativa:

a) Informe técnico no que se describa a realización do proxecto ou actuación e os datos e incidencias máis significativos habidos na súa execución.

No caso dos proxectos de electrificación mediante o emprego de enerxías renovables, o beneficiario deberá acreditar que dispón dun contrato de mantemento por un período mínimo de tres anos, cunha entidade con capacidade técnica suficiente a xuízo da delegación provincial de Industria correspondente.

b) Documentos acreditativos do investimento ou actuación consistentes nas facturas orixinais e documentos xustificativos do pagamento realizado.

c) Xustificante de axudas obtidas ou declaración das solicitadas ou que se prevé obter para o mesmo inves-

timento en calquera outra Administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais; indicando a súa contía.

d) Certificación expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta bancaria onde debe realizarse o pagamento, na que conste: ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

e) Certificados acreditativos de estar ó día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma e de estar ó día no imposto de actividades económicas.

f) Documento acreditativo de que se acadan os niveis de estabilidade laboral a que se refire o anexo II da Orde do 11 de marzo de 2002.

g) O beneficiario de calquera subvención plurianual, cun importe total que supere os 30.050,61 euros, deberá achegar ademais, xustificante acreditativo de depósito na Caixa Xeral de Depósitos de seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca que garanta o importe da anualidade que o pagamento se estea tramitando, así como dos seus correspondentes xuros de mora, conforme o xuro legal do diñeiro indicado na Lei de orzamentos do Estado que estea vixente nese momento, e deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes ó final do prazo de xustificación da última das anualidades da subvención.

Os órganos competentes da Consellería de Innovación, Industria e Comercio poderán solicita-las aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinale podería entenderse que renuncia á axuda.

#### Artigo 11º.-Pagamento da subvención.

Conforme o establecido nos artigos 15 e 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, a percepción da axuda terá lugar despois de que os servicios técnicos da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, trala inspección realizada, de se-lo caso, certificasen que se realizou o investimento que foi obxecto de subvención e o recollido na resolución de concesión. Ademais, o beneficiario deberá presenta-la documentación adicional que lle sexa requirida por estes servicios técnicos, co obxecto de determina-lo alcance do proxecto ou das actuacións subvencionables.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ó inicialmente previsto e sempre que iso non supoña unha realización deficiente do proxecto, a axuda reducirase proporcionalmente, mantendo constante a porcentaxe de subvención respecto ó investimento.

#### *Disposición derradeira*

Facúltase o director xeral de Industria, Enerxía e Minas para que dicte as disposicións oportunas para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2003.

Juan Rodríguez Yuste  
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,**  
**INDUSTRIA E COMERCIO**

PROCEDEMENTO <input type="checkbox"/> AXUDAS PARA O USO RACIONAL DA ENERXÍA ..... <input type="checkbox"/> AXUDAS PARA O FOMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES .....	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN413A IN416A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	-------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME SOLICITANTE/EMPRESA/ENTIDADE		CIF/NIF		NÚMERO REGISTRO INDUSTRIAL	
ENDEREZO			LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX		
SECTOR INDUSTRIAL	ACTIVIDADE PRINCIPAL			CNAE	
ANO DE CONSTITUCIÓN	PERSONAL INDEFINIDO		PERSONAL EVENTUAL		

E na súa representación legal:

APELIDOS	NOME	DNI
----------	------	-----

DATOS DO INVESTIMENTO E CONTÍA SOLICITADA (EN EUROS), PERIODIFICACIÓN

INVESTIMENTO TOTAL QUE SE VAI REALIZAR	INVESTIMENTO 2004	INVESTIMENTO 2005
SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA	SUBVENCIÓN 2004	SUBVENCIÓN 2005

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE XUNTA O SOLICITANTE

<input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DE PERSONALIDADE XURÍDICA DO SOLICITANTE. <input type="checkbox"/> DOCUMENTO PÚBLICO ACREDITATIVO DO PODER CON QUE ACTÚA O REPRESENTANTE E FOTOCOPIA DO SEU DNI. <input type="checkbox"/> COPIA COTEXADA DO NIF/CIF E DO ÚLTIMO RECIBO DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE). <input type="checkbox"/> MEMORIA DO PROXECTO, ORZAMENTO, CALENDARIO, PLANOS.	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN EXPRESA, SEGUNDO PUNTO 4.5 DO FORMULARIO (ANEXO II), DE AXUDAS SOLICITADAS, OBTIDAS OU QUE SE VAIAN SOLICITAR PARA O MESMO FIN, DE NON TER CONTRAÍDA NINGUNHA DÉBEDA COA COMUNIDADE AUTÓNOMA E DE ESTAR Ó DÍA NAS OBRIGAS FISCAIS E COA SEGURIDADE SOCIAL. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RELATIVA ÁS ESIXENCIAS DE CONTRATACIÓN ESTABLE, SE É O CASO.
--	--

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 21 de novembro de 2003 pola que se procede á convocatoria para o ano 2004 de axudas encamiñadas ó uso racional da enerxía e ó fomento das enerxías renovables, dirixidas a empresas privadas, asociacións ou agrupacións de empresas sen ánimo de lucro e a persoas físicas, en réxime de concorrencia competitiva, de acordo coas bases reguladoras establecidas no anexo II da Orde do 11 de marzo de 2002, publicadas no Diario Oficial de Galicia, número 55, do 18 de marzo.*

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA E SELO DA EMPRESA

de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE / /
	DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II

ENR - 01

TÍTULO DO PROXECTO

---



---



---



---



---



---



---



---

1.- IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE

EMPRESA

FAMILIA

INSTITUCIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO

NOME / RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF
DOMICILIO SOCIAL		
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA
TELÉFONO/S	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

REPRESENTANTE LEGAL

NOME	APELIDOS
CARGO	

PERSOA DE CONTACTO

NOME	1º APELIDO	2º APELIDO
CARGO		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

ENR - 02

**2.- DATOS EMPRESARIAIS (PARA CUBRIR SÓ POR EMPRESAS)**

ACRÓNIMO	GRUPO EMPRESARIAL
ACTIVIDADE DA EMPRESA	
CNAE ACTIVIDADE PRINCIPAL	ANO DE CONSTITUCIÓN

**2.1.- CAPITAL SOCIAL (MILES DE EUROS)**

ACTUAL \_\_\_\_\_

FUNDACIONAL \_\_\_\_\_

**2.2.- COMPOSICIÓN ACCIONARIAL****RELACIÓNS DE ACCIONISTAS**

<i>NOME OU RAZÓN SOCIAL</i>	<i>%</i>	<i>NACIONALIDADE</i>
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

- ACCIONISTAS NACIONAIS % \_\_\_\_\_
  - PÚBLICO % \_\_\_\_\_
  - PRIVADO % \_\_\_\_\_
- ACCIONISTAS ESTRANXEIROS % \_\_\_\_\_

**2.3.- EMPRESAS FILIAIS OU PARTICIPADAS**

<i>RAZÓN SOCIAL</i>	<i>ACTIVIDADE PRINCIPAL</i>	<i>CNAE</i>	<i>%</i>	<i>PAÍS</i>
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____

ENR - 03

**2.4.- PERSOAL TOTAL DA EMPRESA**

	HISTÓRICO			PREVISTO	
	2000	2001	2002	2003	2004
DIRECCIÓN E ADMINISTRACIÓN (Nº DE PERSOAS)	_____	_____	_____	_____	_____
PRODUCCIÓN (Nº DE PERSOAS)	_____	_____	_____	_____	_____
VENDAS (Nº DE PERSOAS)	_____	_____	_____	_____	_____
I+D (Nº DE PERSOAS)	_____	_____	_____	_____	_____
<b>TOTAL</b>	_____	_____	_____	_____	_____
PORCENTAXE PERSOAL TITULADO	_____ %	_____ %	_____ %	_____ %	_____ %

**2.5.- ACTIVOS DA EMPRESA**

	HISTÓRICO			PREVISTO	
	2000	2001	2002	2003	2004
<b>INMOBILIZADO MATERIAL (MILES €)</b>	_____	_____	_____	_____	_____
TERREOS E EDIFICIOS (MILES €)	_____	_____	_____	_____	_____
MAQUINARIA (MILES €)	_____	_____	_____	_____	_____
OUTROS EQUIPOS	_____	_____	_____	_____	_____

**2.6.- DATOS DO ÚLTIMO EXERCICIO**

FACTURACIÓN (MILES DE €): \_\_\_\_\_

**PRINCIPAIS PRODUCTOS OU LIÑAS DE PRODUCTOS FABRICADOS NO ÚLTIMO EXERCICIO**

PRODUCTO OU LIÑA	% VENDAS TOTAIS	% VENDAS NACIONAIS	% EXPORTACIÓN	TOTAL
_____	_____	_____	_____	100 %
_____	_____	_____	_____	100 %
_____	_____	_____	_____	100 %
_____	_____	_____	_____	100 %
_____	_____	_____	_____	100 %
_____	_____	_____	_____	100 %
<b>TOTAL</b>	<b>100 %</b>			

ENR - 04

**3.- DATOS DO PROXECTO**

**3.1.- LUGAR DE REALIZACIÓN**

ENDEREZO		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA

**3.2.- PERSOA RESPONSABLE DO PROXECTO**

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
TELÉFONO	FAX	CARGO
EMPRESA INSTALADORA		

**3.3.- ÁREA**

- USO RACIONAL DA ENERXÍA
  - AFORRO ENERXÉTICO EN INDUSTRIAS.
  - AFORRO ENERXÉTICO EN SECTOR SERVICIOS.
- FOMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES
  - SOLAR TÉRMICA.
  - SOLAR FOTOVOLTAICA ILLADA.
  - SOLAR FOTOVOLTAICA CONECTADA Á REDE.
  - EÓLICA.
  - HIDRÁULICA.
  - BIOMASA.
  - BIOCARBURANTES
  - OUTRAS (ESPECIFICAR): \_\_\_\_\_







ENR - 11

6.- DEFINIÇÃO E ANÁLISE DOS FITOS DO PROXECTO

6.1.- DEFINIÇÃO DE FITOS DO PROXECTO

Nº FITO	DESCRIPCIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA DAS TAREFAS QUE SE VAIAN REALIZAR	DATA INICIAL	DATA FINAL	ORZAMENTO (EUROS)	CREACIÓN EMPREGO	
					T(*)	NT(*)
1						
2						
3						
4						
5						

(\*) T: Titulados NT: Non titulados

ENR - 12

6.2.- DESAGREGAMENTO DO ORZAMENTO POR CONCEPTOS E FITOS

	DESCRIPCIÓN	FITOS					TOTAL
		1	2	3	4	5	
INVESTIMENTOS ACTIVOS FIXOS							
VARIOS							
<b>TOTAL</b>							

## 7.- VERIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (INDÍQUESE O QUE PROCEDA)

	SI	NON	NON PROCEDE	OBSERVACIÓNS
COPIA COMPULSADA DO CIF/NIF	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
ULTIMO RECIBO DO IAE	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
COPIA COTEXADA DO DNI E DO PODER BASTANTE DE REPRESENTACIÓN CO QUE ACTÚA O SOLICITANTE	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS SOLICITADAS, OBTIDAS OU QUE SE PREVÉ SOLICITAR PARA O MESMO PROXECTO OU ACTUACIÓN EN CALQUERA OUTRA ADMINISTRACIÓN, ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS NACIONAIS OU INTERNACIONAIS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
DECLARACIÓN EXPRESA DE NON TER CONTRAÍDA NINGUNHA DÉBEDA POR NINGÚN CONCEPTO COA XUNTA DE GALICIA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
DECLARACIÓN EXPRESA DE ESTAR Ó DÍA NAS OBRIGAS FISCAIS E COA SEGURIDADE SOCIAL	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CONDICIÓ DE EXENCIÓ DO IVE PARA EMPRESAS, FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
NO CASO DE FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES, COPIA COMPULSADA DO ESTATUTO DA DITA ENTIDADE OU DOCUMENTO ACREDITATIVO DA NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO SOLICITANTE, INCLUÍNDO XUSTIFICACIÓ DA INSCRICIÓ NO REXISTRO CORRESPONDENTE	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
OUTRA DOCUMENTACIÓ	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

*Orde do 21 de novembro de 2003 pola que se procede á convocatoria para o ano 2004 de axudas encamiñadas ó uso racional da enerxía, nos concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, de acordo coas bases reguladoras establecidas no anexo II da Orde do 11 de marzo de 2002, publicadas no Diario Oficial de Galicia número 55, do 18 de marzo.*

Un dos obxectivos da Consellería de Innovación, Industria e Comercio no campo da política enerxética é conseguir unha explotación e xestión máis racional das subministracións enerxéticas, acadando uns índices de calidade axeitados.

As instalacións eléctricas municipais son en moitos casos susceptibles de modificacións e innovacións en prol dunha mellora na eficiencia enerxética, que, de acordo co estado actual da técnica, permitan un sensible aforro no consumo de enerxía.

No marco da política enerxética, tanto da Unión Europea como española, considérase que os recursos enerxéticos renovables son fundamentais para diminuí-la dependencia exterior e mellora-la seguridade da subministración.

Como medio e instrumento para favorecer-las actuacións indicadas, a Consellería de Industria e Comercio considerou necesario establecer un programa de axudas encamiñadas á mellora da infraestrutura enerxética de Galicia.

Este programa estrutúrase nunha liña de axudas, dedicada á execución de proxectos que promovan o uso racional da enerxía, que se recolle no anexo II da Orde do 11 de marzo de 2002, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións en materia de industria, enerxía, minería, tecnoloxía e desenvolvemento sectorial, comercio e consumo.